

10= VIGO

FARO DE VIGO
MARTES, 19 DE ABRIL DE 2022

Fito histórico para a cidade

Por primeira vez, pónselle cara ao editor de 'Cantares Gallegos'

O rostro de Juan Compañel

Historiadores vigueses descubren a única fotografía coñecida do editor e impresor chave do Rexurdimento

CAROLINA SERTAL


"A. M. de Cisneros, a mi amigo y paíсанo Juan Compañel, 1857". Ollando aquel vello álbum presta-
do, con fotografías que databan de mediados do século XIX ata mediados do século XX, o que menos imaginaba namentes pasaba as páxinas era atopar entre aqueles rostros un retrato con esta inscripción. Estaba seguindolle a pista aos irmáns Eduardo e Alejandro Chao a través daquelas instantâneas compiladas polos seus herdeiros e que xa non eran quen de identificar, cando o historiador vigués José Luis Mateo Álvarez ficou abraido ante aquela imaxe de "dandi" que aparecía asinada e dedicada.

Da outra beira do teléfono, o filólogo Xurxo Martínez, quen sabía que José Luis Mateo Álvarez estaba a voltas coa investigación, ao ver que estaban achándose imaxes míticas de Alejandro Chao envioulle una mensaxe: "Estaría xenial que agora aparecese unha foto de Rosalía de Castro ou de Juan Compañel". Co que non contaba Xurxo era coa resposta do historiador vigués, quen lle reboutou unha fotografía do retrato que acababa de atopar.

Foi así como estes dous investigadores vigueses deron coa primeira e única fotografía coñecida até o momento do editor e impresor chave do Rexurdimento, Juan Compañel. "A familia non sabía o que fíña aí, viven en Madrid e descoñecían a figura de Juan Compañel e a relevancia que ten para a cidade de Vigo, pero para as persoas que estamos dentro da cultura e da sociedade galega, isto é unha notición". Con estas palabras expresaba José Luis Mateo Álvarez a emoción da súa descuberta e sinalaba que "a importancia desta imaxe radica en que por fin podemos poñerle cara a Juan Compañel, un persoero fundamental no mundo da imprenta, dos xornais e da literatura galega, ademais de que deixa constancia da migración de toda unha xeración de vigueses cara Cuba".

A este respecto, Xurxo Martínez, doutor en Filoxoxia cum laude e Premio Extraordinario de tese da Universidade de Vigo por "La Oliva (1856-57). Un xornal progresista e provincialista na soledade do Rexurdimento" apunta que "esta é unha fotografía que Compañel lle entregou a seu amigo Alejandro Chao como recordo cando marcha para A Habana no 1857, explicando así que tivera aparecido no álbum familiar dos Chao".

Ambos investigadores coinciden en que a importancia histórica do documento é "tremenda", posto que ademais de tratarse da primeira imaxe que revela o rostro do editor e impresor do Rexurdimento, existe outro aspecto que fai que a instantánea cobre unha maior re-



José Luis Mateo Álvarez, membro do Instituto de Estudos Vigueses, amosa a instantánea que descubruiu nun álbum da familia Chao. // R. Grobas



Retrato de Compañel realizado e dedicado por Cisneros. // R. Grobas

levancia para historia de Galicia, pois o autor do retrato é Andrés Marcelino de Cisneros, fotógrafo pioneiro na comunidade galega e que non se coñecían fotos anteriores a 1858.

Xurxo Martínez indica que "até o día agora pensabase que as imaxes antigas de Cisneros eran as encargadas das pola

rafina Isabel II na súa visita a Santiago de Compostela en 1858, pero o retrato que lle fai a Compañel é anterior.

Estamos falando da fotografía más antiga dun fotógrafo galego, porque as anteriores que existen foron realizadas por fotógrafos estranxeiros, ingleses ou franceses".

Ante esta descuberta, o historiador José Luis Mateo Álvarez fixo incidir na importancia do patrimonio fotográfico que cómprase identificar para conservar a historia da cidade. Neste senso, o tamén membro do Instituto de Estudos Vigueses afirma que "Vigo neste momento está perdiendo moito patrimonio documental porque non dispoñen-

mos dun arquivo ou dun museo municipal onde conservar estes legados e é unha mágoa".

A súa traxectoria na cidade

Xurxo xogou un papel chave no Rexurdimento e en gran medida isto debese á figura de Juan Compañel. Foi no ano 1855 cando o editor e impresor compostelán se afincou na urbe de Madrid de Alejandro Chao e de José Ramón Fernández, líder do Partido Progresista en Vigo, que situou a fronte dunha imprenta na Rúa Real a Compañel co obxectivo de que se fixe cargo da imprenta do xornal "La Oliva".

Pronto, o editor e tamén xornalista faire o pulso da cidade participando activamente na vida socio-cultural e política. Neste senso, Xurxo Martínez explica que Compañel "forniu parte do Recreo Artístico e Industrial da Ciudad de Vigo, participa das loitas no bando dos republicanos, alístase na Milicia Nacional para defender a Revolución de 1854, coloundo o Banco de Vigo, xunto con Manuel Bárcena, e tamén a papelera La Cristina, que se atopa en Lavadores e cuxo edificio ainda segue en pé".

En canto á súa actividade como editor e á súa relevancia para a literatura galega, Martínez afirma que "Compañel é o principal impresor do Rexurdimento". E é que é na

—> PASA A LA PÁGINA SIGUIENTE

[--> VIENE DE LA PÁGINA ANTERIOR](#)

Rúa Real, o 17 de maio de 1863, cando ve a luz o primeiro exemplar de *'Cantares Gallegos'*, de Rosalía de Castro. Porén, esta non é a única obra da poeta que se imprimiría en Vigo, xa que previamente, en 1859, Compañel edito no seu taller a que supón a primeira novela da autora: *'La hija del mar'*. Así mesmo, antes de *'Cantares Gallegos'*, no obradoiro de Compañel tamén se publica o poemario *'A mi madre'*, tras o pasamento da nai de Rosalía de Castro. Por outra banda, Xurxo Martínez destaca que os primeiros libros de Manuel Murguia tamén foron editados no taller vigués.

No ano 1856, Juan Compañel pasa a converterse no director de *'La Oliva'*, sendo Murguia o director literario, e un ano máis tarde sofre a censura por parte do Goberno, de maneira que se v abocada a pechalo, pero tira de enxeño para manter o proxecto e fundan unha nova cabecería: *'El Miró'*, cuxa actividade manterá ata o triunfo da revolución de *'La Gloriosa'* no 89, cando recuperan *'La Oliva'*, mantendo a numeración do segundo xornal, un xesto moi simbólico que fixo ver a sociedade viguesa que sempre estiveron alí, indica Xurxo Martínez.



XURXO MARTÍNEZ
/DOUTOR EN FILOLOGÍA

"Compañel entrégalle a Alejandro Chao esta imaxe cando marcha para A Habana no 57"

JOSÉ LUIS MATEO ÁLVAREZ
/HISTORIADOR

"Foi casualidade; atopéna nuns álbuns que me prestaron os herdeiros dos Chao"

A pesar daquela reformulación, as mutas e a censura mermaron a capacidade económica da imprenta e coa chegada da República en 1873, Compañel accede a un posto político e abandona Vigo para asumir as competencias como delegado do Ministerio de Fomento en Ourense. Tras a caída da República, emigra a Cuba, onde retorna a súa actividade como impresor xunto con Alejandro Chao, quen en 1880 publicará *"Fallas Novas"*.

Dezañito foron os anos que Juan Compañel pasou en Vigo, un período de tempo no que non deixou de alimentar e impulsar a consolidación do Rexurdimento en Galicia dende o Casco Vello vigués, deixando así a súa pegada para a historia e constancia da mentalidade aperturista da cidade, indiscutible símbolo de modernidade naquela época.

CARLOS CASTELAO ■ Fotohistoriador e experto na figura de Andrés M. de Cisneros

“É o primeiro retrato da historia tomado en Galicia por un fotógrafo galego”

Podería tratarse tamén do primeiro talbotipo achado na comunidade galega

CAROLINA SERTAL

Logo de atopar o retrato no álbum de fotografías antigas da familia Chao, unha das grandes incógnitas para os investigadores José Luis Mateo Álvarez e Xurxo Martínez era confirmar que o home que aparecía na instantánea era Juan Compañel e que non se trataba de Andrés Cisneros. Por iso non dubidaron a hora de poñerse en contacto con Carlos Castelao, fotohistoriador compostelán e experto na figura deste fotógrafo pioneiro na comarca galega.

— Que evidencias hai respecto á autoría desta instantánea?

— Hai moitos indicativos para determinar que foi Andrés Cisneros quien a fixo. En primeiro lugar, porque dos dous el é o que foi fotografiado. En segundo lugar, porque na imaxe aparece a data de 1857 e é a única que se coñece da época na que Cisneros actuaba en Galicia, coincidiendo coa aparición do fotógrafo aquí. A axunta pista é a propia inscrición que aparece na instantánea, unha dedicatoria cuxa letra é idéntica á da sinatura de Cisneros. Por outra banda, na época na que é tomada a fotografía, Juan Compañel tería uns 28 anos de idade, mentres que Cisneros fíxoa 37, e o retratado ten unha apariencia dun home máis ben novo.

— Malia que naceu en Santiago, Juan Compañel é unha figura que está fortemente vinculada a Vigo, mentres que Cisneros desenvolviu a súa actividad en Compostela; é posible que tomara este retrato na cidade olívica a pesar de ter o seu estudio en Santiago?

— Perfectamente posible porque Andrés Cisneros practicaba a ambulancia desprazándose a outras ciudades para facer fotografías. De feito, existen dous documentos que confirman esta actividade ambulante en Vigo. O primero é una nota de prensa do ano 1859 na que Cisneros anuncia a venda dun daguerrotípo, unha cámara que fai a fotografía segundo o procedemento orixinal inventado por Daguerre en Francia década e media antes, mediante a cal sobre placas metálicas se efectúan positivos directos. Cisneros vai a Vigo a vender esta cámara, non a vende en Santiago. Isto quere dicir que tiña certos intereses comerciais nessa cidade. E o outro documento que nos confirma que practicaba a ambulancia é unha acta notarial que describún no arquivo de Santiago no que el deixá a súa muller como encargada da súa fortuna porque vai facer unha viaxe a outras terras de España e



O Investigador Carlos Castelao. // Cedida

mesmo do estranxeiro.

— Con respecto ás características técnicas desta fotografía, que é o que se coñece polo uso de agora?

— Este é un aspecto que chama moi a atención. Ainda non tiven a oportunidade de vela, pero ao ampliar a foto que me enviaron por mensaxe, dámme a espíñula de que podería tratarse dun talbotipo. Cando nace a fotografía, existen dous tipos: por unha banda, está a que inventou Daguerre en Francia, os denominados daguerrotípos e que se realizan sobre placas metálicas, obtendo positivos directos. A outra técnica que nace tamén no mesmo ano, pero en Reino Unido, é o denominado talbotipo, debido que ao seu inventor se apelidaba Talbot. O cu-

rioso desta segunda técnica é que empregaba o concepto actual que todos entendemos do negativo e positivo de maneira que obtendo primeiro un negativo, por contacto logo sacabas o positivo, poden-

do ademais realizar un montón de copias. O problema naquele momento é que Talbot inventou unha técnica de negativo a positivo de papel a par-

pel, de xeito que toda a frama do negativo pasaba ao novo soporte de papel e saía como se fosse unha fotocopia, a imaxe non quedaba nítida. Ata que non vexa a orixinal non o poderíe confirmar, pero podería mos estar ante o primeiro talbotipo achado en Galicia, xa que o retrato está tratado e cómpre lembrar que o mesmo Cisneros era pintor tamén, especializado en

A SUA ANÁLISE
“É un documento excepcional dende o punto de vista da historia da fotografía galega”

FICHA PERSONAL

■ De orixe asturiano e afincado en Santiago de Compostela desde 1988, Carlos Castelao publicou en 2018 o libro “As orixes da fotografía en Galicia. Estudos compostelanos do XIX”, Premio de Investigación Ramón Baltar Feijoo 2020.

realizar retratos en miniatura.

— Se coñecer por primeira vez o rostro de Juan Compañel era de por si un feito histórico, tendo en conta o que comenta, tamén o sería por partida dobre.

— Dobre ou triple, porque hai contextos tamén a relevancia desta fotografía para o propio Andrés Cisneros é o único retrato coñecido que se le做到了 non fotografiada como tal porque é de identificación de 20 x 20 cm de carácter monumental. El retrato en 1858 a chegada da rafía Isabel II a Santiago, pero non se sabe se serían monumentos a Exposición Regional que se celebraba no Mosteiro de San Martiño Pinario, con tres imaxes nas que aparecen o clauso, coas súas expositoras e persoas mirando estas pezas, pero non tituladas retratos asinados por este homólogo. Aquí é importante destacar que tamén é de que haxa moitos retratos coñecidos feitos en Galicia antes dos anos 57,58 e 59, que son os anos fundacionais da fotografía de estudio masificada, co cal é un documento excepcional dentro do punto de vista da historia da fotografía galega.

— Podería dicir entón que estamos ante a fotografía más antigua tomada en Galicia por un fotógrafo galego?

— Efectivamente de si a súa relevancia. E malia que non poída considerarse como a primeira en xeral, aníndar, porque a día de hoy só hai constancia dunha monumental en Ferrol en 1857 e de tres daguerrotípios na Comuiña, que probablemente daten do 1850. Xa ves que digo probablemente, e é que non estamos certo porcentualmente, que as antes non as asinaban. Por iso, con respecto ao retrato de Compañel, a grande vantaxe é que lle vña unha inscrición e unha data. Cisneros foi a Francia no 1850 a formarse en pintura e sospeitase que allí foi onde aprendeu as técnicas más avanzadas da fotografía, de maneira que cuando volvía a Galicia, puxoas en práctica aquela, fundando o primeiro estudio fotográfico rexentado por un galego e tan só se dedicou a isto entre os anos 1857 e 1859.